

## Obradoiro: LÁNZATE A EMPRENDER EN COOPERATIVA

[ En colaboración con: ECOBAS – Universidade de Vigo - Rede Eusumo ]

DATAS REALIZACIÓN	24, 26, 31/03, 02/04/2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	9:30 -14:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Sala 445 da Facultade de Económicas e Administración de Empresas, Campus Universitario As Lagoas - Marcosende, Vigo		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456
		e-mail	Patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

### OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á cidadanía e en especial ás persoas desempregadas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

### PROGRAMA

Módulo 1.- O emprendemento.

Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.

Módulo 3.- Organización e financiamento.

Módulo 4.- Experiencia cooperativa.

### CONTIDOS

1º sesión.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. O emprendemento fronte a outras formas de emprego. O emprendemento colectivo e en cooperativa: Condicións básicas. Perfil da persoa emprendedora. As cooperativas fronte a outros tipos de empresas.

2º sesión.- Príncipios e valores do cooperativismo. Tipos de Cooperativas. As cooperativas de traballo asociado. Aspectos propios das cooperativas de traballo asociado.

3º sesión.- A organización nas sociedades cooperativas. O réxime económico e fiscal nas cooperativas. A viabilidade económica e societaria.

4º sesión.- Proceso de constitución. Presentación dunha experiencia cooperativa por persoas integrantes da mesma. Avaliación do obradoiro.

### METODOLOGÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

### DIRIXIDO A

Redes e colectivos inscritos e representativos do sector obxecto de intervención no ámbito local ou comarcal, e persoas das mesmas que actúen como nodos neste sector e/ou teñen vinculación académica e/ou profesional co mesmo.

Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.

